



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. José Barreiro Somoza
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. José Mª Correa Otero
D. Manuel Fernández Areal
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. Joel Fernández Soto
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
Dª Mª do Carmo Henriques Salido
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
Dª Ana Belén Reboredo Fernández
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Celso Rodríguez Fernández
D. José A. Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez

DESCULPAN ASISTENCIA

D. Xosé Manuel Cid Fernández
Dª Margarita Estévez Toranzo
Dª Laura González Novoa
D. Manuel López Iglesias

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vinte de decembro de mil novecentos noventa e seis, ás 10.00 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O venres, **día 20 de decembro de 1996**, ás 11.10 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (25-11-96).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de Profesorado: Propostas Comisión de Docencia; prazas BOE; cambio de área; transformacións; permiso.
- 4º.- Aprobación, se procede, do cambio de nome da Residencia "Santa María de Europa".
- 5º.- Aprobación, se procede, do Máster de Intervención Familiar.
- 6º.- Aprobación, se procede, do Proxecto de sinalización do Campus de Ourense
- 7º.- Aprobación, se procede, da convocatoria de Axudas de Investigación do ano 1997.
- 8º.- Elección de membros de: a) Consello Social: 1 Alumno e 1 Profesor; b) Comisión de Ordenación Académica: substitución de 2 Profesores; c) Comisión de Servicios Informáticos (aprobada en X.G. do 25.11.96).
- 9º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbase a acta da sesión da sesión anterior, 25.11.96, coas modificacións que xa se reflicten na mesma.

No **punto 2**, informa o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez informa de varias cuestións:

- 1) Estase a estudar o problema da convocatoria dos membros do Consello Social.
- 2) Informa de que o Consello Social xa ten constancia do nomeamento do Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García.
- 3) Da nova estrutura departamental aprobada no Claustro Universitario (sesión matinal do 18.12.96).

O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco informa de:

- 1) O proceso de dotación de laboratorios está concluído.
- 2) Que o plano de pensións está a piques de saír no DOG.
- 3) Da adxudicación da remodelación do Campus de Ourense.
- 4) Do camiño de conexión entre Ciencias do Mar e a rotonda de Industriais.
- 5) Da remodelación para a parada de autobuses en Económicas.
- 6) Da publicación no DOG do "seguro multirisco".
- 7) Do plano de comunicacións e telefonía.
- 8) Da remodelación do Edificio de Fundación.
- 9) De que se está a elabora-lo orzamento do ano 97.

O Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza, informa de:

- 1) O solar da Escola de Fisioterapia.
- 2) Da reforestación no campus de Lagoas-Marcosende.

Informa, no **punto 3**, o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas, sobre a proposta da Comisión de Docencia da transformación da profesora D^a Marta García de la Puerta, de PP1 a Asociado T2 T.

Faise unha votación co seguinte resultado:

- a favor da proposta: 14 votos
- a favor de retirada: 1 voto
- abstencións: 4

Apróbase a transformación da profesora D^a Marta García de la Puerta, de PP1 a ASO-T2 T.

Vota en contra desta transformación a profesora Henríquez Salido.

O Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas, presenta a outra proposta da Comisión de Docencia, saída a concurso de méritos dunha praza de Titular de Universidade.

D^a M^a do Carmo Henríquez Salido presenta por rexistro (anexo I), para pedi-la retirada da orde do día.

Apróbase, por asentimento dos 22 membros presentes, a saída da praza de méritos de Titular de Universidade, H06 (Dpto. "Traducción, Lingüística e Teoría da Literatura"), A573 (área "Lingüística aplicada á Traducción e Interpretación").

Apróbanse as seguintes normas de interpretación do artigo 84.a) dos Estatutos da Universidade de Vigo:

- non se computará a docencia do 3º Ciclo;
- non se computarán as horas de xestión (as horas de xestión nunha Facultade xa determinan a pertenza á Xunta de Centro, artigo 84.f dos Estatutos);
- a docencia de libre elección de campus computará para aqueles profesores que só impartan este tipo de docencia;
- aqueles profesores que teñan exención total de docencia, conservarán a adscripción ó último Centro.

Apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

X03	175	CAT-UN	Ourense	- - -
T12	800	TIT-UN	Vigo	Vera Isasa, María
T12	800	TIT-UN	Vigo	Fernández Barciela, Mónica
T12	800	TIT-UN	Vigo	Gómez Alcalá, Rafael
T10	595	TIT-UN	Vigo	Fernández Manín, Generosa.

Apróbase o cambio de área do profesor Enrique Valero Gutiérrez del Olmo, da A-720 "Proxectos de Enxeñería" á A-500 "Enxeñería Agroforestal".

Apróbase a transformación das seguintes prazas:

T06	500	Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
T12	800	Santalla del Río, Verónica	de PP1 a TIT-UN (I)
H02	330	Pérez Rodríguez, M ^a Rosa	de PP1 a PP2
H05	033	Pérez Losada, Fermín E.	de A-T3P4 a PP1
X07	230	Mariño Garrido, M ^a Teresa	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
X03	160	González Armandía, José Ramón	de PP1 a PP2
T10	595	García Lomba, Guillermo	de PP1 a TIT-UN (I)
C08	755	Hervés Beloso, Pablo	de PP2 a TIT-UN (I)
C08	765	Cid Fernández, Magdalena	de AXU-UN(1) a PP2
C08	765	Atanes Blanco, Nieves	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3

Apróbase a concesión de permiso a D^a M^a Soledad Otero Giráldez, do 17-02-97 ó 16-05-97.

No **punto 4**, apróbase o cambio de nome da Residencia de Ourense, que pasa a chamarse "Celso Emilio Ferreiro".

O **punto 5**, retírase da Orde do día o Máster de Intervención Familiar.

No **punto 6**, proxecto de sinalización do Campus de Ourense, informa o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez.

Apróbase o proxecto de sinalización do Campus de Ourense (anexo II).

Presenta o **punto 7**, informa o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez.

Apróbase a convocatoria de Axudas de Investigación do ano 1997 (anexo III).

No **punto 8**, elíxense os membros pendentes en distintos órganos.

a) Consello Social:

D. Alejandro V. Gómez Soler (alumno, da E.U. de Estudos Empresariais de Vigo) e
D. Pedro Araújo Nespereira (PDI, da Facultade de Ciencias de Ourense).

b) Comisión de Ordenación Académica:

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger (Facultade de Ciencias de Vigo) e
D^a Manuel Pérez Donsión (E.T.S. de Enxeñeiros Industriais).

c) Comisión de Servicios Informáticos:

- PDI: D. Manuel Ramos Cabrer (E.T.S. de Enx. de Telecomunicación),
D. Manuel Pérez Cota (Facultade de CC. Económicas e Empresariais),
D. Antonio Álvarez Alonso (Facultade de Humanidades de Vigo) e
D. Juan José Pazos Arias (E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación).
- PAS: D. Antonio Domínguez Iglesias (Rectorado),
D. Luis Gallego Fernández (Rectorado),
D. Miguel Jiménez Polo (CACTI) e
D. Arturo Casar Sarasola (CACTI).
- ALUMNOS: D^a Ana Belén Reboredo Fernández (E.U.E.T. Informática de Xestión de Ourense) e
D^a M^a Teresa Allut Roig (Facultade de CC. Económicas e Empresariais).

No punto 9, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. **FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL**.- Roga ó Vicerrector de Relacións Exteriores que sexa máis estricto nas seleccións de "dinamización cultural" e protesta pola subvención dada á "semana zapatista".

-D. **JOEL FERNÁNDEZ SOTO**.- Roga que se indique ó Axuntamento de Vigo que na súa guía figure información da Universidade de Vigo.

-D. **ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER**.- Pregunta pola devolución do diñeiro do "carnet".

-D. **JOSÉ ANGEL SAMPAYO FERNÁNDEZ** e D. **JOSÉ LUIS CAPELO MARTÍNEZ**.- Piden a demisión do Presidente do Consello Social (*o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, di que non he procedente a petición*).

-D. **JUAN JANEIRO VILABOA**.-

1) Pide a eliminación das escaleiras para os minusválidos; tamén pide unha maior colaboración coa ONCE (*o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que xa existe un convenio de colaboración coa ONCE*).

2) Pide de novo a devolución do diñeiro para tódolos alumnos que pagaron o "carnet" tanto deste ano como do pasado.

3) Pide unha maior dotación na Asesoría Xurídica.

-D. **CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS**.- Quere coñece-lo estado e os prazos da Informatización da Biblioteca (*o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que se está a estudar xunto coa Consellería e as outras Universidades galegas un servicio compatible nas Bibliotecas*).

-D. **JOSÉ LUIS CAPELO MARTÍNEZ**.- Amosa a súa preocupación por unha felicitación enviada con siglas dunha organización política usando o escudo da Universidade que se recibiu nos enderezos particulares e da delegación de alumnos de Ciencias desapareceron listados. Roga se tomen medidas.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.15 h. do día 20 de decembro de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co vº e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez

Xosé Luís Legido Soto